

SESIÓN: MÉRCORES 13 DE MAIO, 2020.

L. GALEGA

3º ED. PRIMARIA.

Bos días, nenos e nenas:

Hoxe, imos ler o seguinte texto, que leva por título:

“COMO SE XOGA?”

Le o texto con moita atención, para poder responder as preguntas que se amosan despois do texto e para saber así, de que xogo se trata.

Para xogar a este xogo necesítanse dous equipos co mesmo número de xogadores (dez en cada equipo, por exemplo) e un xuíz. Os integrantes de cada equipo numéranse (do 1 ao 10 por exemplo).

Dívidese a zona de xogo á metade e faise unha raia no medio. Cada parte da zona de xogo debe ter uns cinco metros de lonxitude. No extremo de cada unha das partes faise unha liña, e os nenos e nenas de cada equipo deben permanecer detrás desa raia.

O neno ou nena que fai de xuíz colócase na raia do medio co brazo estendido, sostendo un pano. Entón chama por un número: «Que veña o... cinco». Os xogadores dos dous equipos que teñen ese número achéganse correndo onda o xuíz. O que primeiro chega, agarra o pano e sae correndo ata chegar a súa liña. O outro perségueo. Se é pillado, queda eliminado. Se non fose pillado, queda eliminado o perseguidor.

Gaña o equipo que queda ao final con máis nenos sen eliminar.

1. Completa:

- O texto dá instrucións para xogar ao _____.
- Para xogar a este xogo necesitamos _____ e un _____.
- Os nenos e as nenas de cada equipo téñense que _____.
- O xuíz colócase _____.
- Cada equipo debe permanecer _____.
- O xuíz sostén na man un _____.

2. Cantas liñas se debuxan ou marcan en total, na zona de xogo?

3. Que nenos/as deben saír cada vez que fala o xuíz?

4. Cando gaña o neno/a que colleu primeiro o pano?

5. Que lle pasa ao neno perseguidor se non pilla ao neno que leva o pano?

6. Que equipo resulta gañador?

Despois de rematar a competencia lectora, tes que pensar nun xogo... Pode ser un xogo ao que xogaches en familia, este tempo que estivemos na casa. Fai un texto explicando as normas do xogo. Para iso, déixovos esta ficha para que vos resulte máis doado:

The worksheet is a grid-based form with several sections for writing game information:

- NOME DO XOGO**: A white box with a black arrow pointing right, located at the top left.
- CON QUEN XOGACHES?**: A pink rectangular section with a star icon on the left and two horizontal dashed lines for writing.
- MATERIAL NECESARIO**: A green rectangular section with a black dot icon on the left and two horizontal dashed lines for writing.
- XA COÑECÍAS O XOGO?**: An orange rectangular section with a plus sign icon on the left and two horizontal dashed lines for writing.
- ONDE XOGACHES?**: A blue rectangular section with two 'X' icons on the left and two horizontal dashed lines for writing.
- REGRAS NORMAS**: A large yellow section at the bottom with five checkmark icons on the left and five horizontal dashed lines for writing.